

IDIOMA Jesús Vázquez anuncia que haberá cambios no anteproxecto do Decreto e evita fixar se a consulta aos pais terá carácter vinculante

"Resérvome" a opinión



Roberto Varela (esquerda), Jesús Vázquez, Anxo Lorenzo e Ubaldo Rueda, director do IES Rosalía, durante a homenaxe á escritora

O conselleiro celebra en Santiago o 173 aniversario de Rosalía de Castro con Roberto Varela e Anxo Lorenzo

Redacción · Santiago

Haberá "matizaciones" e "cambios" no novo Decreto Plurilingüe respecto do proxecto que, o pasado 30 de decembro, presentou o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para substituir o texto vixente, elaborado polo bipartito. O conselleiro de Educación, Jesús Vázquez Abad, anunciouno onte tras asistir a un acto de homenaxe a Rosalía de Castro en Compostela.

As palabras de Vázquez, con todo, non aclararon demasiado en que consistirán os cambios, se ben todo parece indicar, polas súas declaracións, que a consulta aos pais respecto do idioma no que se impartirán as materias no ensino non será vinculante. A esta posibilidade, exposta polos periodistas, o conselleiro evitou comprometerse: "Non vou entrar nese termos".

Movéndose nun terreo que non desdiga as promesas electorais do Partido Popular (PP), Jesús Vázquez insistiu en que o de-

creto apostará por un "trilingüismo real" e pola "participación" das familias. Tampouco detallou o que entende por "trilingüismo real" xa que –dixo– "reserva" a súa responsabilidade ata a presentación "proximamente" do anteproxecto, que irá á Mesa Sectorial e ao Consello Escolar. Suporá, iso, "un cambio substancial no modelo educativo", no que "as familias teñen moito que dizer" e no que se asegurarán "una liberdade".

O conselleiro de Educación participou onte, xunto ao conselleiro de Cultura, Roberto Varela, e o secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, nun re-

cital poético celebrado no instituto santiagués Rosalía de Castro en lembranza do 173 aniversario do nacemento da autora de *Follas Novas*.

Vázquez Abad subliñou que a idea deste acto conxunto xurdíu da colaboración de ambos os dous departamentos autonómicos e do IES Rosalía de Castro, que considerou un "centro de referencia", dos "pioneiros" no ámbito galego e "un exemplo para seguir" para todo o país.

O centro acolleu o acto institucional central da conmemoración do aniversario da poeta, no que un grupo de alumnos fixo lectura de

diversos poemas da autora galega tras a interpretación dunha breve peza musical. Así mesmo, Roberto Varela e o seu homólogo de Educación participaron no recital pronunciando os versos dos poemas *O toque da alba* e *Amores cautivos*.

Posteriormente, o director do centro recordou a figura da poeta como "un punto de partida dun proxecto de illusión e de futuro" para contribuir a "unha Galicia mellor", que recomendou como un exemplo para os seus alumnos, non só na lingua senón para "crear un país mellor".

Anxo Lorenzo interveu na clausura do acto para lembrar que as obras de Rosalía se tornaron en "clásicas desde o mesmo momento que se publicaron", como iniciadora do Rexurdimento galego.

Deste modo, asegurou que a súa figura representa "unha praza pública" para afondar na situación socioeconómica e "na natureza humana", como a "expresión más xenuina da dor humana e social da emigración" que acolleu tanto o primeiro "galeguismo".

Finalmente, destacou o carácter internacional e universal do seu legado literario, ao tratarse dunha autora cuxas obras están traducidas a "multitude de linguas", como o ruso, o xaponés ou o inglés. "Os seus versos son parte de nós", concluíu. ■

A AELG suspende o acto en Santiago

O mal tempo fixo que a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) suspendese onte o acto previsto pola organización en Compostela para lembrar os 173 anos transcorridos desde o nacemento de Rosalía de Castro. O acto consistía na lectura dun manifesto (reproducido na edición de onte de GALICIA HOXE) por distintos membros do colectivo.

O mal tempo trastocou a convocatoria no resto das cidades onde estaba prevista a lec-

tura, se ben non se suspendeu en ningunha delas. Deste xeito, trasladáronse a outros espazos alternativos da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo, coa participación, entre outros, de Manuel Rivas ou Cesáreo Sánchez Iglesias.

A Fundación Rosalía de Castro, con sede en Padrón, tamén suspendeu polo temporal as actividades previstas, dirixidas principalmente a difundir a figura da escritora entre os escolares.